

## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso monográfico Fondos europeos NextGenerationEU

**CONVOCATORIA:** Curso monográfico Fondos europeos NextGenerationEU

**GRUPO:** Economía Pública

**ÁREA:** Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	11
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2021
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	C.MONOGRÁFICO	<b>EDICIÓN:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 09/06/2021 - 08:00h ao 11/06/2021 - 23:55h

**RESPONSABLE:** OLIVIA TRILLO, PAULA [paula.olivete.trillo@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓN

### DESCRIPCIÓN CURSO

Neste curso monográfico explicarase o contexto dos novos fondos europeos NextGenerationEU (NG) e a súa incidencia na Administración da Xunta de Galicia nos vindeiros anos, comezando pola planificación dos fondos, que afecta tanto o actual período de programación, como o período 2021-2027.

A continuación, analizarase a integración dos fondos procedentes do paquete de Axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa (REACT-UE) nos programas operativos Feder e FSE 2014-2020, con especial referencia ás novidades que implica para a xestión dos programas.

En terceiro lugar, abordaranse os recentes cambios normativos, tanto a nivel estatal como autonómico, que perseguen a axilización e simplificación da xestión dos fondos NG, tanto a través de procedementos de contratación pública ou encargos a medios propios como de concesión de subvencións.

Finalmente, trataranse cuestións relacionadas co control interno e externo das actuacións financiadas con fondos NG, incluíndo referencias a aspectos relacionados coas medidas antifraude.

### DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes instrumentais, que participen na xestión e/ou control de fondos europeos.

### PROGRAMA

- A planificación dos fondos comunitarios do Plan de recuperación para Europa e o marco financeiro plurianual 2021-2027.
- Os fondos REACT- UE no Programa Operativo FEDER 2014-2020.
- Os fondos REACT- UE no Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020.
- Medidas para axilizar a contratación pública financiada con fondos NG.
- Medidas estatais e autonómicas para a axilización interna e externa na xestión de axudas e subvencións públicas financiadas con fondos NG. Os procedementos de concorrencia non competitiva como procedemento ordinario neste tipo de subvencións. O papel da BDNS no control. Especial referencia ás novidades dos convenios de colaboración financiadas con fondos NG. Recomendacións de boa xestión.
- Novidades e potenciación da utilización de encomendas de xestión e encargos a medios propios como medida de cooperación na xestión dos fondos europeos NG. Por que e para que? Recomendacións para a boa xestión. Ideas forza sobre a figura dos PERTE (Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica)
- O control interno e a verificación de expedientes cofinanciados con REACT- UE desde o RC ata o pago final: incidencias máis comúns.
- A contribución do control externo na xestión dos fondos NG: proactividade, flash-audits e declaracións de fiabilidade na xestión de riscos. Os conflitos de intereses.

## CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 17/06/2021 a 18/06/2021

**NUM. PRAZAS:** 80

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

ANGEL LUIS TARRIO TOBAR

CRUZ ENJO MALLOU

María del Mar Estévez Mosquera

PATRICIA IGLESIAS REY

ELENA BARBA PAN

MANUEL CUTRÍN DOMÍNGUEZ

JACINTO ALVAREZ SOMOZA

Simon Rego Vilar

#### LUGAR DE REALIZACIÓN

**SALON DE ACTOS:** O día 17 de xuño de 11:00 a 14:30. O día 17 de xuño de 16:30 a 19:30. O día 18 de xuño de 10:00 a 14:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

**SALA DE EXPOSICIÓNS:** O día 17 de xuño de 11:00 a 14:30. O día 17 de xuño de 16:30 a 19:30. O día 18 de xuño de 10:00 a 14:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

**AULA 8:** O día 17 de xuño de 11:00 a 14:30. O día 17 de xuño de 16:30 a 19:30. O día 18 de xuño de 10:00 a 14:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

**AULA 9:** O día 17 de xuño de 11:00 a 14:30. O día 17 de xuño de 16:30 a 19:30. O día 18 de xuño de 10:00 a 14:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA